

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 02/05/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 02/05/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24-abr-2023, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2023/1121**

Vista a proposta do Servizo de obras e Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á mercantil Castroman I, SL (B36406650) o subministro dunha máquina prensa Rems multicapa, por importe de 1.321,49 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 277,51 €, o que totaliza un prezo de adjudicación de 1.599,00 € (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado, con cargo á partida 1530.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1600**

Dáse conta do escrito presentado polo Partido Socialista de Galicia-PSDG-PSOE, solicitando autorización para realizar unha campaña informativa no Parque do Piñeiriño o día 7 de maio de 2023, en horario de 10:00 a 14:00 horas

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Asemade indícase que durante a campaña electoral, as ocupacións de vías deberán ser solicitadas ante a Xunta Electoral de Zona, limitándose aos lugares sinalados para actos de campaña.

### **PRP2023/1565**

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuadrado García, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa con carpa do Partido Político VOX, o día 29 de abril de 2023, en horario de 11:30 a 14:00 horas e o sábado 6 de maio de 2023, en horario de 11:30 a 14:00 horas en Rúa do Peirao nº 7 (Vilaxoán).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Asemade indícase que durante a campaña electoral, as ocupacións de vías deberán ser solicitadas ante a Xunta Electoral de Zona, limitándose aos lugares sinalados para actos de campaña.

### **PRP2023/1577**

Dáse conta do escrito presentado polo CEIP A LOMBA, solicitando a sinalización dunha praza de aparcadoiro por discapacidade de nai de alumna do CEIP A Lomba.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección ocular comprobouse que no principio da Rúa, entrando por Matosinhos, na marxe dereita hai unha zona habilitada para estacionar (polo menos 7 turismos), que na esquina esquerda segue tendo colocado o sinal vertical de estacionamentos para minusválidos S-17b, e debaixo da mesma unha placa co lema "ALUMNOS COLEXIO LOMBA". Este sería o lugar ideal para parar, deixando 2 ou 3 prazas como había antigamente cara o lado esquerdo do estacionamento e pintar no sinal unha frecha cara á dereita e poñer o número de prazas. Así mesmo sinalizar horizontalmente as prazas existentes, as de discapacitados e as demais só coa súa delimitación.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a realizar a sinalización conforme o informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

#### **PRP2023/1579**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Manuel Ocampo Rey, de queixas por ruídos producidos polos inquilinos do piso contiguo ao seu domicilio e que se veñen producindo dende fai bastante tempo.

Dáse conta de informe da Policía local no que se indica que a única vía para solucionar o problema radica no feito de que fose posible realizar unha medición sonométrica dene o seu domicilio con respecto aos ruídos da vivenda que os provoca, polo que a única solución e que cando se produzan os mesmos avise, vía telefónica, á Policía Local, para poder realizar unha medición efectiva ou pola contra poder constatar se os ruídos son apreciables e molestos no caso de imposibilidade de medición.

Así mesmo se lle indica que, a pesar de que xa tentou solución vía comunidade de propietarios/as, sería a vía previa e máis idónea antes de ter que acudir á vía xudicial.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta do informe da Policía Local ao Sr. Ocampo Rey.

#### **PRP2023/1501**

Dáse conta do escrito presentado por D. Benito Canto Búa solicitando o repintado do vao permanente existente en rúa Vella nº 3.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o pintado dos vaos corresponde aos titulares dos mesmos, e que unha vez o realice teña en conta que debe respectar o frontal da entrada/saída e engadir como moito 50/60 cm. a cada marxe.

#### **PRP2023/1635**

Vista a solicitude do Director Deportivo da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o peche ao tráfico das rúas o día 7 de maio, a partir das 9:00 horas ata as 14:15 horas con motivo da celebración do "Campionato Galego de Triatlón por equipos contra reloxo":

A proba de natación realizarase nun circuío sinalizado nas inmediacións do porto, o circuito de carreira en bicicleta, comezando na zona de transición polo peirao de Vilaxoán ata o punto de retorno, regresando polo mesmo peirao e continuando pola Rúa Preguntoiro e o circuito de bici, saíndo da transición situada na explanada da Rúa Preguntoiro pola Rúa do Peirao, xirando á esquerda por Rúa Avelina Nogueira, para continuar pola Rúa Víctor Pita e Valle Inclán ata o punto de retorno situado á altura da Rúa Alexandre Bóveda, dende onde volven pola mesma rua Valle Inclán, continuando por Rúa Víctor Pita e Rúa Preguntoiro.

#### **PRP2023/1644**

Dáse conta do informe do Encargado da xestión do Padrón Municipal de Habitantes no que indica que a raíz dos traballos realizados polo Departamento de Contratación e Patrimonio relativo ao grafado das vías deste Concello para a súa inclusión no Inventario de Bens resulta o seguinte:

- 1) Que efectivamente existe un vial de curto recorrido sen nome, situado en O Carril, transversal á Avda. Rosalía de Castro, á altura do nº 114 que na súa prolongación discorre por debaixo da vía do ferrocarril e chega no seu remate á Avda. A Nosa Sra. Dos Anxos.
- 2) Aínda que nese tramo non hai portais de vivendas afectadas si existen varios vaos

permanentes das vivendas nº 114-116 e 118 da Avda. Rosalía de Castro.

3) Sendo necesario ubicalos correctamente, propónse que o citado tramo se chame Travesía Rosalía de Castro ou Travesía Nosa Sra. dos Anxos, ou calquera outro nome que consideren oportuno.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se denomine a citada rúa como Travesía Nosa Sra. dos Anxos.

#### **PRP2023/1645**

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Manuel Castro Rañó, solicitando a instalación de fibra óptica na zona de A Lomba, en concreto na Rúa de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

#### **PRP2023/1646**

Dáse conta de Proposta da Secretaria Xeral en relación con modificacións ao documento de cesión de uso da parcela denominada Praza da Cruz, asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación de Veciños San Martiño (Parroquia de Sobrán), propoñendo as seguintes modificacións:

Cláusula 1ª: Engadir o seguinte: A parcela conta cunha explanada pavimentada multifuncional sobre a que se ubican 2 porterías, na linde sur da citada explanada existe un palco permanente para actuacións musicais, o uso da planta baixa do devandito palco queda reservado como Centro Social (Sede) da Asociación de Veciños do Piñeiro e Santa Mariña, San Martín de Sobrán.

Cláusula 4ª: Substituír o término "vender" por "dispoñer".

Cláusula 7ª: Engadir o seguinte: A responsabilidade patrimonial será asumida polo Concello e así como o mantemento da parcela como parque público para o disfrute de toda a cidadanía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar as modificacións propostas.

Comunicar o presente acordo á Asociación de Veciños do Piñeiro e Santa Mariña, San Martín de Sobrán.

#### **PRP2023/1648**

Dáse conta de atestado da Policía Nacional en relación cun roubo producido no Punto Limpo de Vilagarcía de Arousa entre as 20:00 horas do día 24/04/2023 e as 10 horas do día 25/04/2023. no que se indica que observado o video de vixilancia comprobouse que ás 20:45 do día 24/04/2023 dúas persoas acceden ao recinto, do cal se levan diferentes electrodomésticos que estaban alí depositados para reciclar, observándose nas mesmas imaxes un vehículo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **EMPREGO**

#### **PRP2023/1598**

Dase conta da Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os Programas de Emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B)cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa

FSE+ Galicia 2021-2027.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobado o proxecto de Obradoiro de Emprego Laboral Xove 2023 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Asistencia operativa aos Servizos Municipais de Emerxencias e a Fundación Municipal de Deportes nas actividades de socorrismo nos espazos naturais e nas instalacións acuáticas de titularidade municipal.

- Montaxe e mantemento de instalacións de enerxías solares fotovoltaicas.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 16 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Socorrismo acuático: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AFDP0209/AFP0109).

- Enerxías renovables: Certificados de profesionalidade Nivel 1 ENAE0111 - Nivel 2 ENAE0108

2º. Aprobado a solicitude á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade da subvención correspondente de CATROCIENTOS VINTECATRO MIL OITOCIENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E SEIS CENTIMOS (424.836,96)

3º. A aprobación da dotación orzamentaria no ano 2023, de VINTENOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (29.995 €) para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo á partida 2412.131.

4º. Debe terse en conta para o orzamento 2024 o aumento na cantidade de 29.995 €, ata acadar o total de 62.000 € de aportación municipal para o desenvolvemento total do proxecto.

### **PRP2023/1622**

Dase conta da autorización de data 14 de abril de 2023 dictada polo Xefa Territorial da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, pola que se acorda autorizar ao Concello de Vilagarcía a contratación anticipada de 10 traballadores socorristas para a realización do servizo "Salvamento e socorrismo 2023" co grupo de cotización 10.

Esta autorización terá efectos a partir do día seguinte da súa recepción tendo en conta que o proceso de selección e contratación dos desempregados e desempregadas baixo esta modalidade deberá respectar, en todo caso o establecido nos artigos 14º e 15º da Orde e que as oficinas de emprego deberán tramitar as correspondentes ofertas á vista da mesma.

A comunicación recibida indica que a autorización de contratación anticipada non presupoñe a concesión da axuda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2023/1654**

Dáse conta de publicación no DOG nº 71 do 13 de abril de 2023 da resolución das axudas aos concellos, para a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

As cantidades concedidas son as seguintes:

- Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico:

2,376,23 €.

- Programa B: Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas: 4.145,69 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1657**

Dáse conta de publicación no DOG nº 76, do 20 de abril de 2023, de resolución das axudas concedidas a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, no marco do programa Ler Conta Moito.

A cantidade concedida a este concello é de 866,66 €. Esta cantidade deberá empregarse para financiar o 75% do custo de cada unha das actividades, debendo financiar con fondos propios o 25% restante.

Deberán programarse un mínimo de dúas actividades das establecidas no Catálogo Ler Conta Moito 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/1566**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa INOVA (INOVALABS DIGITAL SL), para asistencia técnica para a elaboración do informe de seguimento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES), por un importe total de 9.922,00 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 1720.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/1621**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL para o subministro de taboleiro e canastro de minibasket para a pista deportiva de A Tomada, por un importe total de 916,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO**

#### **PRP2023/1630**

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación co gasto relativo a servizo de autobús para o partido do Arosa FC dende Vilagarcía a Vilalba e dúas viaxes do tren turístico co público que asistiu a BASKET CUP.

A Xunta de Goberno Local acorda a validación do gasto citado, con cargo á partida 432.22601, coa seguinte desagregación:

- Empresa Pereira SL, polo aluguer de un autobús para a viaxe a Vilalba o día 23 de abril de 2023, por un importe total de 490,00 € (IVE engadido).
- Viajes Silest SL, polos dous servizos do tren turístico realizados o 6 de abril de 2023, por un importe total de 550 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2023/1672**

Dase conta da notificación de denuncia da Oficina de Xestión de Multas do Concello de Santiago imposta ao vehículo municipal con matrícula 2344GHV, por non identificar ao condutor responsable da infracción de data 13/06/2022 consistente en circular cun vehículo sobrepasando os límites de velocidade da vía.

Tendo en conta que o importe da citada multa é de 300 € (sen dereito a bonificación) e que o último día para proceder ao pago é o 19/05/2023.

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao pago do importe de 300 € ao Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co boletín de denuncia, con cargo á partida 929.22699.

### **CULTURA**

#### **PRP2023/1596**

Dáse conta do Convenio para a concesión directa de subvención pública a Asociación Curtas Film Fest, por un importe de 50.000,00 €, con cargo á partida 334.48002, que ten por obxecto subvencionar a 51 edición do "Curtas Festival Fest" que se celebrará en Vilagarcía de Arousa entre o 6 de outubro ata o 26 de novembro de 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio e o recoñecemento de obriga do 50% do total da subvención, é decir, 25.000,00 €.

#### **PRP2023/1636**

Vista a solicitude de D. Fernando Álvarez de Blas, en representación de CP Edificio Lara, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 10 de maio de 2023, en horario de 19:00 a 22:00 horas para a celebración dunha reunión da Comunidade de Propietarios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias do Auditorio: 3 horas x 15,25 €/hora = 45,75 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2023/1637**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Mulleres Rurais A Piñousa de Cea, por un importe total de 1.714,07 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
subministro de material diverso	1.146,46 €	CASTROMAN I, SL
subministro material de limpeza	567,46 €	DISTRIBUCIONES FROIZ SA

Acórdase o reintegro á partida correspondente da diferenza restante que ascende a cantidade de 85,93 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1638**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque, por un importe total de 1.799,88 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Curso de manualidades e pintura (de xaneiro a marzo)	900,00 €	M <sup>a</sup> JESUS LOPEZ FIGUEIRA
Material electrónico	145,33 €	SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE SL
Material escolar	754,55 €	ESPACIO DO LECTOR SL

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/1639**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a adquisición de 18 exemplares do libro "SCHLUMPF, ERWIN: HOMICIDIO" de Friedrich Glauser, e traducida do alemán ao galego por Laureano Araújo Cardalda, por un importe total de 255,78 € (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado por Edicións Laiovento, con cargo á partida 334.22001, para a súa entrega nos distintos clubs de lectura do municipio.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/1504**

O Cemiterio Municipal de Carril presenta unha patente falta de nichos libres. Detectada esta



problemática e para dar resposta ás constantes demandas veciñais, que solicitan aumentar o espazo dispoñible neste camposanto, o concello de Vilagarcía de Arousa impulsa os traballos necesarios para dar resposta a estas inxerencias.

O proxecto que se somete a aprobación, redactado polo arquitecto municipal, ten por obxecto definir e valorar as obras precisas para a construción de novos nichos no Cemiterio Municipal de Carril.

A construción executarase en 5 bloques, tres dobres e dous dunha soa fronte, formando 44 módulos de 4 nichos en vertical que totalizan 176 unidades.

O orzamento da obra é o seguinte:

SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL (IVE inc.)
119.532,49€	25.101,82€	144.634,31

O prazo de execución establecido na referida memoria técnica é de 4 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación de nichos no Cemiterio Municipal de Carril 2023”, redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de licitación (IVE engadido) de 144.634,31 €.

#### **PRP2023/1513**

Dáse conta de resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de recoñecemento de execución da anualidade 2022 da obra de Mellora de Camiño na Rúa Maceiras dentro do Plan de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, na que se indica que recoñece que:

- Da axuda pagada en concepto de anticipo en 2022 (12.110,07 €), certifícase a execución dunha axuda por importe de 17.988,05 €.
- Para a liquidación final do expediente, queda pendente de pago unha axuda de 5.877,98 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1514**

Dáse conta de Resolución da Deputación provincial de Pontevedra de concesión dunha subvención ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 (Anualidade 2023), por importe de 58763,10 € para o investimento "Urbanización Rúa Ameixeiras".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/1582**

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 2 de decembro de 2022, previa solicitude, concedeuse a este Concello unha subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, á que este concello está adherido, por importe total de 48.841,65 €, para a redacción de tres proxectos, entre os que se encontra a “Humanización e mellora de accesibilidade na Rúa Conde Valledano”.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por OFTEFOR, C.B.,(NIF: E36418283) cun importe 726,00 € (IVE engadido) para a realización dos traballos topográficos da Rúa Conde Valledano previos á Redacción do

Proxecto de Humanización e Mellora de Accesibilidade na Rúa Conde Vellellano, con cargo á partida 150.22706.

### **PRP2023/1585**

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 27/02/2023 adxudicouse ao arquitecto D. Jesús San Vicente Domingo o contrato para a redacción de dous proxectos técnicos que teñan por obxecto, cada un deles, os lotes xa contemplados no proxecto global denominado “Reforma, mellora e ampliación das instalación e piscina municipal de Fontecarmoa”, tamén redactado polo arquitecto D. Jesús San Vicente Domingo e aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26/12/2022.

O novo proxecto presentado, denominado “Reforma e Mellora das Instalacións e Piscinas Municipais de Fontecarmoa”, desagregado do global e correspondente ao Lote 1 do mesmo, contempla as obras necesarias para a rehabilitación da fachada Sur, que ten multitude de patoloxías de filtracións e humidades nos vidros , e a reforma dos aseos e vestiarios.

A actuación prevista inclúese dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) “Vilagarcía Avanza”, dentro da liña de actuación denominada “VLG\_A08\_GNEOFER: Xeración de oferta deportiva, turística e cultural” cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020, actualmente integrado no POPE 2014-2020. O proxecto técnico denominado “Reforma e Mellora das Instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa”, cuxo orzamento se desagrega da seguinte forma, conta co informe de supervisión favorable de data 14 de abril de 2023 suscrito polo arquitecto municipal:

SEN IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
427.641,00 €	89.804,61 €	517.445,61€

Por todo o anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado “Reforma e Mellora das Instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa”, redactado polo Arquitecto don Jesús San Vicente Domingo cuxo orzamento se eleva a 427.641,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 89.804,61 € totalizando un orzamento de execución por contrata 517.445,61 €.

### **PRP2023/1608**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/09/2021 acordou adxudicar á mercantil AGORA ABERTA, SL (NIF B15942329) o contrato de servizos denominado “Conciliatardes coa Infancia 2021-2022”.

O prezo deste contrato ascende a 30.054,23 € (IVA excluído), ao que lle corresponde un IVE 10% de 3.005,42 €, o que totaliza unha oferta de 33.059,66 € (IVE engadido)

Segundo a cláusula 2ª do contrato o prazo de execución do servizo obxecto do contrato é de 9 meses (curso 2021- 2022), a contar dende o 1 de outubro de 2021. A duración do contrato, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación, establece que poderá prorrogarse por cursos ata un máximo de dous (duración total do contrato incluídas as prórrogas: 3 cursos lectivos de 9 meses cada un).

O Servizo obxecto do contrato é necesario que continúe prestándose para atender o servizo de Conciliatardes, un programa socio educativo e de lecer de apoio á infancia, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades. Neste senso, o servizo vai dirixido aos nenos e nenas con idades

comprendidas entre os 3 e 9 anos de idade empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dun proceso de intervención coa unidade familiar dende o Centro de Servizos Sociais e/ou que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan una actividade laboral ou participen nun proceso de formación regrado ou oficial.

En data 19/04/2023 a través da sede electrónica do concello con nº de Rexistro WEB2023002688 a empresa Agora Aberta, S.L. solicita a prórroga do contrato para o curso 2023-2024.

En atención ó exposto, A Xunta de Goberno Local acorda prorrogar, con efectos 01/10/2023, por un prazo de 9 MESES e sen variar as condicións, o contrato de servizos denominado CT 79/2021-e “CONCILIATARDES COA INFANCIA 2021-2022 coa mercantil AGORA ABERTA, S.L. (NIF: B15942329) (partida orzamentaria 231.22610).

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2023/1617

De conformidade co contrato de obra "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 11 ESTACIÓNS E 79 BICICLETAS PARA O SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE BICICLETAS VAIBIKE" da EDUSI Vilagarcía Avanza, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e recoñecemento de obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	FACTURA
INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEÓN	Emitida- 76 R.E 2023/1980	175.450,00€	134-6290017 AD22-2279	Subministro e instalación de 11 estacións e 79 bicicletas para o sistema de transporte público de bicicletas VAIBIKE.

### PRP2023/1627

De conformidade coa Operación “Transformación Dixital do Concello de Vilagarcía de Arousa, Lote 1” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato mixto de servizos-subministro aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
IMATIA INNOVATION, S.L	A2010 2023/0473 REG 2023/2138	2.420,00€	491-6400017 AD19-24819	INTEGRACIÓN CON SICALWIN E MIGRACIÓN A ORACLE

### PRP2023/1628

De conformidade coa Operación “Transformación Dixital do Concello de Vilagarcía de Arousa, Lote 1” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato mixto de servizos-subministro aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Informática, A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
IMATIA INNOVATION, S.L	A2010 2023/0083 REG 2023/915	12.100,00€	491-6400017 AD19-24819	ENTREGA DE CONECTOR CON PLACE

### PRP2023/1632

De conformidade coa Operación de Comunicación da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura tramitada mediante contrato menor:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
----------	---------	---------	------------	--------------------------

PROIMAXE MARKETING PROGRAMACION S.L	E 23 154 REG 2023/1065	1.270,50€	926-2269917 AD 22/18520	ELABORACIÓN DE UNHA WEB ESPECÍFICA PARA O PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS)
-------------------------------------	------------------------------	-----------	----------------------------	---

### PRP2023/1633

De conformidade coa Operación de Comunicación da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura tramitada mediante contrato menor:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
UNIPREX, S.A.U.	2231014684 REG 2023/2555	600,00 €	926-2269917 AD 23/3048	EMISIÓN CUÑAS PUBLICITARIAS POSTA EN MARCHA DO SERVICIO VAIBIKE

### PRP2023/1643

De conformidade coa Operación “Desenvolvemento de plans de intervención para a inclusión” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado “Reforzo Educativo”, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
ISABEL MARIA BARRENA COLLADO	A 000004 REG 2023/2537	120,00€	231-2279917 AD 23-2794	ReforzoEducativo. Marzo 2023
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Liña de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-3 e a aplicación orzamentaria 231-2279917.				

### PRP2023/1664

Visto o expediente de gasto INT/2023/175 integrado pola relación de xustificantes F/2023/31 por importe de 323.540,43€.

Visto o Informe de fiscalización dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito aprobado polo Tribunal de Contas en sesión de 22 de decembro de 2020.

Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para as facturas (F/2023/1675 e F/2023/1801) incluídas na relación N° F/2023/31 por importe total de 1.875€

SEGUNDO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

TERCEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/31 por importe de 323.540,43€. co seguinte desglose:

REX.	Nº Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/529	Fact. 22- 173	19/01/2023	871,20	931	22706	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de

							xestión catastral. ? Consultoría e asistencia técnica en proc
F/2023/586	Fact. 23- 009	26/01/2023	1.488,30	931	22706	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. ? Tramitación de expedientes de alteración
F/2023/587	Fact. 22- 141	26/01/2023	1.769,02	931	22706	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2023/588	Fact. 23- 004	26/01/2023	716,32	931	22706	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2023/1004	VIG01 22006907	30/11/2022	1.729,28	2311	22701	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	SERVICIO DE PREVENCIÓN Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M
F/2023/1415	10 6929	28/02/2023	34,34	3321	22000	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	TACO DE NOTAS ADHESIVAS (76X76MM) AMARILLO - FIXO / C/1000 GRAPAS (22/6) COBREADAS - PETRUS / MARCADOR FLUORESCENTE AMAR
F/2023/1416	10 6928	28/02/2023	329,05	3321	22001	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	*LA DAMA DEL ALBA / EL GRAN APAGÓN / TIME GAMES (+CD) /READING & TRAINING WEB 2.(B1.1) / VOLVER A EMPEZAR / ¿PUEDO MIRAR
F/2023/1417	10 6933	28/02/2023	100,46	3321	22001	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	MARCA (Miércoles) (Nº: 30201) / MARCA (Jueves) (Nº: 30202) / MARCA (Viernes) (Nº: 30203) / MARCA (Sábado) (Nº: 30204) /
F/2023/1443	5603215281	28/02/2023	272.356,95	1621	22700	PREZERO ESPAÑA, S.A.U.	CANON FEBRERO 2023. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en Ple
F/2023/1581	S 01197	31/01/2023	375,00	3321	22001	EPI PRENSA S.L.U.	Suscripción ( Suscripción El Correo Gallego Período del 01/01/2023 al 31/12/2023 1 Ejemplar de Lunes a Domingo Bibliotec
F/2023/1675	S 952629	01/01/2022	375,00	3321	22001	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	SUSCRIPCION ( Suscripción a El Correo Gallego Período del 01/01/2022 al 31/12/2022 Suscripción Biblioteca Municipal Aven
F/2023/1682	Emit- 442	28/02/2023	935,08	160	213	INTERMACO, S.L.	IMANES 400 kg ( ORDE DE COMPRA 14518 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / BOLSA CEMENTO RAPIDO 10 kg ( ORDE DE COMP
F/2023/1797	V-FAC+ 37/F2023/00000008	28/02/2023	77,86	2311	22699	SERVICIO, CULT., DEP. Y RECREACIÓN, S.L.	RESERVAS CONCELLO 28/02/23 12:00- PISC.PEQ. 45 min SERVICIO PRESTADO AL SPAD RESPONSABLE BLANCA R. VAZQUEZ COSSAL
F/2023/1800	GLFA2300625	28/02/2023	69,16	2311	22110	SRCL	TRBiosanitarioBiotrex60N

						CONSEUR, S.L.U.	( Sursursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUA ) / SUContenedorBiotrex
F/2023/1801	A A00000458	07/10/2022	1.500,00	334	22001	ANNAVIRA, S.L.	EDICIÓN LIBRO: ""PLACIDO CASTRO. NOS MESMOS ( NO MUNDO"" IMPRESION E ENCADERNACION 125 EXEMPLARES )
F/2023/1805	23 1284	10/03/2023	88,23	454	22199	SOBRINO G., S.A.	ELECTRODO RUTILO KD 2,5mm 250pzas / T EXAG 933 8x40 Z / ARANDELA CARROCERO 9021 08 Z / ARANDELA GROWER 127 08 Z / T EXAG
F/2023/1886	Emit-23 - 28	17/03/2023	937,75	1530	213	DINACES S.L.	EQUIPO CON ELECTROBOMBA / PROTECTOR GOMA AMOLADORA 230 - S/ORDEN DE COMPRA Nº14618- CARRETERAS 453
F/2023/1892	23 1289	10/03/2023	7,79	160	213	SOBRINO G., S.A.	MANGUITO INOX F-270 1/2 / MAMELÓN INOX F-280 1/2
F/2023/1893	23 1287	10/03/2023	8,92	1530	212	SOBRINO G., S.A.	T EXAG 933 10x30 Z / TUERCA 934 10 Z / ARANDELA PLANA 125 10 Z
F/2023/1895	23 1286	10/03/2023	91,06	1530	213	SOBRINO G., S.A.	BROCA SDS MAX 4 PUNTAS 35x570
F/2023/1896	23 1285	10/03/2023	12,11	1530	212	SOBRINO G., S.A.	BISAGRA SOLDAR ESPECIAL BES-12 / T EXAG 933 12x50 INOX
F/2023/1898	0 2964	15/03/2023	64,88	3261	212	COMERCIAL BASTOS, S.L.	FLUXOR W.C. PRESTO XT-I ( FLUXOR W.C. PRESTO XT-I )
F/2023/1899	0 2965	15/03/2023	12,68	320	212	COMERCIAL BASTOS, S.L.	ABRAZADERA ISOF. INOX. M8- 3/8"" (17-20) ( ABRAZADERA ISOF. INOX. M8-3/8"" (17-20) )
F/2023/1900	Emit- 2	20/03/2023	819,57	334	212	ELITDOOR, S.L.	Paso en madera de pino, barnizado / Descanso en madera de Pino, barnizado1
F/2023/1909	RM 230471	21/03/2023	13,55	454	213	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	HACER LATIGUILLO 1/2""
F/2023/1912	22 786	22/03/2023	264,20	160	214	AROSA DIESEL S.L.	6675 LMF -SERVIZO: SANEAMIENTO. ABASTECIMIENTO E DISTRIBUC - ORDE DE COMPRA: 14680. KIT PRECINTADO DTCO DIG-INTEL / PILA T
F/2023/1915	Emit- 1001088	20/03/2023	244,95	1530	213	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	T.CUADRADO SOLDADO 50X50X4.00 / PLETINA DE 60X6 / PLETINA DE 50X4
F/2023/1916	Emit- 1001089	20/03/2023	230,35	160	213	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	PANEL PLET-PLET 30X30X2 2000X1000 GAL / PLETINA CINCADA 30X4
F/2023/1917	Emit- 1001090	20/03/2023	59,90	334	212	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	TUBO GALVA S. DE 3/4
F/2023/1918	Emit- 1001091	20/03/2023	86,39	1530	210	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	T.REDONDO S. GALVA 70X1,50

F/2023/1921	/23 70	22/03/2023	968,00	160	210	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.	INSPECCIÓN DE TUBERÍAS (cana/VIEW+)
F/2023/1922	AA 14265	22/03/2023	173,76	1530	213	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	A10W40 M2 5L MOBIL SUPER 2000 10W40 4X5L ( Oficina Contable L01360600 Intervención General Órgano Gestor L01360600 Alcal
F/2023/1923	A 14266	22/03/2023	85,85	454	213	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	ROH46 20 RACING OIL HIDRAULICO HLP46 20L ( Oficina Contable L01360600 Intervención General Órgano Gestor L01360600 Alcal
F/2023/1924	A 14267	22/03/2023	66,55	1530	214	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	FQS60.0 BATERIA 60AH 530A +D 242*175*175 ( Oficina Contable L01360600 Intervención General Órgano Gestor L01360600 Alcal
F/2023/1938	1071 231201364	22/03/2023	21,40	1530	210	BAYGAR, S.L.	PANEL TRIO TR-120x60 / PANEL TRIO TR-120x60 / CERROJO BFD / CERROJO BFD / CORREA COMPENSACION TAR-85 / CORREA COMPENSACION
F/2023/1967	20230375	28/02/2023	142,65	160	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / M/3 HM-20/P/20/IIa
F/2023/1968	20230374	28/02/2023	47,55	1530	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / M/3 HM-20/P/20/IIa
F/2023/1969	20230373	28/02/2023	87,00	160	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / M/3 MD-200/S/4
F/2023/1970	20230372	28/02/2023	148,90	1530	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / M/3 HM-20/B/10/IIa
F/2023/1971	20230371	28/02/2023	415,79	1530	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / M/3 MD-200/S/4 / GESTION AMBIENTAL / M/3 HM-20/P/20/IIa / GESTION AMBIENTAL / M/3 HM-20/P/20/IIa
F/2023/1975	G0VF 1020	21/03/2023	34,27	320	212	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	SIFON SENCILLO URINARIO 11 / 2 SIF / OBRA-COLEGIO AREALONGA / N Albarán:G11A / 3869 Fecha:02 / 03 / 2023
F/2023/1976	G0VF 1021	21/03/2023	34,73	320	212	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	CALIBRA. MULTIC. TRIPLE PLOLYSAN 20-32 / N Albarán: G11A / 3893 Fecha:07 / 03 / 2023
F/2023/1977	G0VF 1022	21/03/2023	149,21	320	212	GANDARA GONZALEZ, JUAN A.	TUBERÍA MULTICAPA 32X3X3 M / MT TUBO MULTICAPA 25X2. 5 (BARRA 4M) / ABRAZADERA CIERRE Ø32 / MANGUITO H. - ROSCA H. 40X
F/2023/1984	1068 231101045	24/03/2023	2.682,72	132	22108	BAYGAR, S.L.	SEÑAL MOPU ESTACIONAMIENTO 60x60cm N1 / POSTE GALVA FRIO 80x40x2mm TAPA METAL 3,5m ALT PERF MOPU ACT2503 / POSTE GALVA F
F/2023/1987	000013/2023	09/03/2023	40,00	2311	22106	GARCIA RODRIGUEZ, M <sup>a</sup> TRINIDAD	SOLUCIÓN DE METADONA AL 1% 1 LITRO.SPAD

F/2023/2003	AA 14264	22/03/2023	30,53	1530	214	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	577938 VM938 JGO. ESCOBILLAS 3397 014 215 ( Oficina Contable L01360600 Intervención General Órgano Gestor L01360600 Alca
F/2023/2032	23 0000044	27/03/2023	268,62	323	212	CUEVAS, S.L.	Alb.334 ( Fra. Nº 23/0000044 - OBRA: E.E.I. Galiña Azul. Trabajos realizados por nuestro personal de taller, consistente
F/2023/2033	23 0000045	27/03/2023	110,11	3262	212	CUEVAS, S.L.	Alb.347 ( Fra. Nº 23/0000045 - OBRA: Auditorio Villagarcía. Revisión de una puerta de entrada en Escuela de Música de Vi
F/2023/2038	4050239793	27/03/2023	74,42	1530	213	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	DISCO-CORTE-VERDE-SPEED-PLUS-D115X1
F/2023/2040	2023/23 000317	29/03/2023	705,00	1530	22103	GASOCENTRO CALDAS, S.L.	GASOLEO A ( PUNTO DE SUMINISTRO: CARRETERAS - 453 PA TRABANCA BADIÑA 36600 VILLAGARCÍA DE AROUSA PONTEVEDRA II.E
F/2023/2044	RM 230476	30/03/2023	71,33	454	214	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	ACOPLAMIENTO FLEXIBLE FEH1-290 / RELE LUCES / THX JTOR-74X3.5 / J.PIST. VAST. GER 80.00X64.50X6.30
F/2023/2060	Emit- 1001127	31/03/2023	935,90	160	213	E. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	M. PANEL PLET-PLET 30X30X2 2000X1000 GAL / SIMPLE T DE 35 / PLETINA CINCADE 30X4
F/2023/2064	F06000R-15444	31/03/2023	324,58	160	213	SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U.	TUBO DOBLE PARED N-75 RJ.(ROLLO 50m) ( Obra: ROSALIA DE CASTRO ) / T50L 390X4,6 PA66 BK100 ( Obra: ROSALIA DE CASTRO )
F/2023/2079	Q000011/2023	28/03/2023	40,00	2311	22106	RODRIGUEZ MARTINEZ, PILAR	Mº METADONA CLORHIDRATO SOL 1% LITRO
F/2023/2080	D-3/2023	28/02/2023	270,00	2313	48401	EMPRESA PEREIRA, S.L.	RELACIÓN REGARGAS TARJETAS XUBILADO CONCELLO (FEBREIRO 2023)
F/2023/2081	077/2023	20/03/2023	184,31	454	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	SUBMINISTRO DE MATERIAL HACER CANALETA PLUVIALES TRABANCA BADIÑA
F/2023/2082	066/2023	15/03/2023	301,12	160	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REPARACIÓN DE CANALETAS NA RUA SANTIAGO CARRIL
F/2023/2083	075/2023	20/03/2023	93,17	1530	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	SUBMINISTRO MATERIAL PARA RETRANQUEO MURO RUA DOS ANXOS (CARRIL)
F/2023/2084	074/2023	20/03/2023	900,24	160	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	SUBMINISTRO MATERIA REPARACIÓN TAPAS ALCANTARILLADO E PLUVIAIS EN DIVERSAS RUAS
F/2023/2086	073/2023	21/03/2023	509,98	160	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	SUBMINISTRO MATERIAL DE REPARACIÓN ARQUETA POR ROTURA ALCANTARILLADO EN AV. MARIÑA
F/2023/2087	076/2023	20/03/2023	930,64	160	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	SUBMINISTRO MATERIAL REPARACIÓN TAPAS ALCANTARILLADO E PLUVIAIS EN DIVERSAS RUAS



F/2023/2166	4003653612	31/03/2023	27.022,75	920	22201	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada ES 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUDADES) G-1 ( 01 EXENTO ) / Carta Certificada ES 0 - 50 gr D2(RESTO) G-1 ( 0
		TOTAL	323.540,43				

### PRP2023/1674

Visto o expediente de gasto INT/2023/182 integrado polo xustificante de gasto con número de rexistro F/2023/2093 emitido pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestructuras Dixitais por importe de 100€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para o rexistro N° F/2023/2093, por importe de 100€ coa seguinte desagregación:

REX.	Nº Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/2093	9900423635295	16/03/2023	100	926	22500	SECRETARIA DE ESTADO PARA EL AVANCE DIGITAL	TASA POR RESERVA DO DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO USO PRIVATIVO

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.